Voceiro da Confederación Intersindical Galega-Admón. Pública de Vigo e Pontevedra

A Xanela

Sector da Administración Autonómica–Edificio administrativo da Xunta en Vigo

Edif. Admtvo. Xunta en Vigo–8º andar, torre B Telf. 986 8 17597 - Fax: 986 817698 autonomicavigo@cigadmon.org nº48 - Maio 2010

CONCURSO DE TRASLADOS DE CORPOS XERAIS

O concurso de traslados para a provisión de postos de traballo vacantes na Administración Xeral da Xunta de Galiza xa está publicado no DOG do 6/5/2010, aprobado pola Comisión Superior de Persoal o luns 3 de maio, co voto a favor de UGT e CSIF e o voto en contra de CIG e CCOO.

Os sindicatos e Función Pública negociamos o concurso ao longo do mes de abril. Partiamos dun primeiro borrador infumábel que aos poucos foi mudando para ben tras aceptar a Administración parte das nosas extensas alegacións, mais que ao final deu un paso de cangrexo.

Tras recoñecer certa vontade negociadora en Función Pública, o feito de que se incluísen algunhas das nosas alegacións, que outras, despois dun compromiso previo botáranolas abaixo, e de que parte dos postos que podían ir a este concurso queden adiados a futuros concurso coa incerteza de garantías bastante fráxiles, queremos debuxar cales son as liñas mestras desta convocatoria.

O principal obstáculo foron as prazas: non podiamos aceptar un concurso no que se agochasen prazas (entre elas, os niveis 28 e 26, os postos abertos a outras administracións -A11- e moitos ocupados por persoal en adscrición provisional). Finalmente estamos ante o maior concurso en moitos anos (2010=1.598 prazas, 2007=1.307, 2004=1.141), no que segundo Función Pública se ofertan todas as vacantes existentes, incluídas as prazas de código A11 e as ocupadas en adscrición provisional. Quedarían fora do concurso as que están propostas para a súa amortización ou para sufrir cambios importantes nas relacións de postos de traballo e, especialmente, as prazas de niveis altos (28 e algunhas 26). Para estas últimas, comprometeuse Función Pública a negociar e convocar de inmediato un concurso específico ao que poida acudir todo o persoal, inclusive aquel que leve menos de dous anos no posto, previa modificación da Lei da función pública. Malia o compromiso adquirido nunha negociación de despacho, onde non está recollido en documento ningún que isto será así, e tendo en conta que esta Administración anula e suspende acordos cando lle ven en gaña, a CIG non pode apoiar a aprobación de algo de tal relevancia baseado na expresión de boas intencións futuras, como si fan UGT e CSIF.

No que son as bases, tamén tivemos atrancos, avances a finalmente un retroceso:

- na **fase de resultas** aceptaron que se poida escoller unha segunda localidade;
- na **formación** corrixiron o número de horas mínimas dos cursos de formación mais non aceptaron substituir a actual valoración de tramos por outro mais xusto de número reais de horas de cada curso; aceptaron estender o recoñecemento aos cursos xenéricos de ofimática e non so aos particulares da empresa Microsoft, mais non engadiron novas modalidades xenéricas de cursos; recoñeceron o curso de nivel superior de galego, e os estudos das escolas oficiais de idiomas;
- na **conciliación**, obrigatoria por lei, substituiron o restritivo "funcionario" polo mais xenérico "empregado público", mais non outros modelos de familias como as monoparentais ou aquelas nas que o cónxuxe non sexa empregado público;
- volven incluír a valoración da **permanencia** no posto;

Esto son uns simples trazos, pois a explicación polo miúdo das moitas horas de discusións levaría varias ducias de páxinas.

Seguindo coas bases, houbo dous aspectos básicos que nos levaron a

decidir finalmente o voto contrario da CIG:

ⓘ ***Grao consolidado**: o texto inicial partía dunha puntuación mínima baixa e premiaba significativamente os incrementos de grao. No proceso negocial a CIG solicitou, e función pública aceptou, aumentar a puntuación mínima e diminuir os incrementos. Mais a última hora recuaron co que volvemos á postura inicial da administración e CSIF. O que conseguen os nosos amigos foi poñer atrancos aos postos base, pois quen ocupasen xefaturas ou postos en libre designación levarán un plus no incremento da súa puntuación.*

ⓘ ***Antigüidade**: dunha banda, non aceptaron a nosa pretensión de primar o tempo traballado na nosa administración respecto doutras, e ao tempo, recuou Función Pública no que previamente xa nos recoñecera, de darlle mais peso á antigüidade.*

Para entender esto último é preciso ter claro que nun concurso non importa a puntuación absoluta de cada apartado, senón a puntuación relativa respecto dos demais apartados. Partiamos dunha puntuación ⇒

⇒.máxima por antigüidade de 4,5 puntos con 30 anos de servizo, ao que a CIG alegaba que era escasa en relación aos demais apartados (por exemplo, quen tivese o máximo de formación, tiña tantos puntos como quen tivese 20 anos de servizo).

A proposta da CIG foi de incrementar a puntuación de antigüidade e acurtar o tempo para conseguir o máximo, e así nolo recoñeceu función pública, pois pasaron ao máximo de 5,5 puntos con 27,5 anos de servizo. Por contra, CCOO defendeu incrementar os anos para obter o máximo. Esto, que de primeiras parece mais xusto, so vai en perxuizo, precisamente, da antigüidade. Finalmente, como aceno cara CCOO, a cousa quedou en 5,5 puntos con 37,5 anos.

A consecuencia do que satisface a CCOO é que cos mesmos anos de servizo, a maioría do funcionariado vai obter menos puntos por antigüidade. Esto é, que estirando a mesma puntuación, cada quen obtén, como é lóxico, diferentes puntos, pero todos sempre conseguirán unha puntuación absoluta menor e, por suposto, tamén unha puntuación relativa inferior. Esto é, que a antigüidade perde importancia en comparación a outros baremos.

En definitiva, que estamos ante un dos maiores concursos que lembramos en canto a número de prazas, que evolucionou positivamente dende os borradores iniciais, que finalmente empeorou en aspectos básicos xa conseguidos durante a negociación pola pouca visión de CCOO e o elitismo descarado do CSIF a favor de quen ocuparon postos de libre designación, e que adía para un concurso específico os niveis altos.

Chegados a este estado das cousas, a CIG non puido apoiar o presente concurso de traslados. So nos falta agardar polo cumprimento do compromiso dese concurso específico xa con novas relacións de postos de traballo, e pola reforma da Lei da función pública para garantir que todo o persoal poida participar nel así como para solucionar a situación de limbo en que se encontra o persoal doutras administracións.

Se queres recibir información da CIG directamente a través do teu correo electrónico,
vai ao noso web (accesíbel dende a intranet da Xunta), e preme no botón "Recibir información" (parte superior dereita da pantalla).
http://autonomica.cigadmon.org

MAIS DE PRIVATIZACIÓNS DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

É un insulto á razón o anuncio que fixo o Conselleiro de Presidencia, Alfonso Rueda, o 22 de abril despois do Consello da Xunta, de que ían acabar cos chiringuitos.

Mentres Rueda fai a ventriloquia o PP segue nutrindo a Administración de chiringuitos. Neste momento están a montar, entre moitos outros, a Axencia Galega de Innovación, enxendro este que se reserva a facultade de contratar persoal.

O afán desmedido de todos os gobernos por amputar sectores enteiros da Administración para poñelos en mans destes chiringuitos non é máis que a primeira fase dun proceso de privatización que enceta coa fuxida do dereito público, para seguiren coa afirmación de que se está contra dos chiringuitos e entregaren directamente as funcións ás empresas mediante asistencias técnicas.

Esta obra ten, xa que logo, dous actos. Acto Primeiro: onde o poder político crea o seu golem, a administración paralela, e onde se xura e se perxura que o creado é tamén administración pública. Acto segundo: onde os protagonistas do acto anterior desdinse e admiten que o golem é un monstro ao que hai que destruír, que non é administración e polo tanto todo o que facía o poderán facer as empresas privadas.

Neste camiño a Administración vai procurar o auxilio sindical para que lle deamos o visto e prace á acta de defunción e para iso crea en cada consellaría unha comisión de negociación para analizar cada caso, índa que vai ser unha comisión previa sen participación sindical a que diagnostique e determine cales dos entes son os que merecen ser extinguidos.

Por suposto eles se reservan o dereito de manter os que consideren e gárdanse de afirmar que non os van substituír por asistencias técnicas.

Na reunión mantida coa Administración sacaron a relucir casos sangrantes onde estes chiringuitos teñen á súa vez subprivatizadas certas actividades internas como os recursos humanos ou a área contábel, gastando cantidades inxentes en alugueres, ou onde simplemente reciben cartos para a contratación de persoal poñendo a administración tódolos medios materiais e instalacións.

Isto parece unha mofa negra xusto cando Medio Rural ou Traballo acaban de facer exactamente o mesmo dilapidando cartos públicos en empresas de amiguetes aos que poñen a disposición deles a estrutura e medios da Administración a cambio de que fagan tarefas que a propia Administración viña realizando con medios humanos e materiais propios e cun custe inferior.

A única forma de impedir que leven a cabo a privatización absoluta vai ser que:

- A Administración asuma todas as funcións dos chiringuitos.
- Non se substitúan os chiringuitos con asistencias técnicas.
- Os postos de traballo creados neses chiringuitos se creen na Administración da Xunta.

V CONVENIO COLECTIVO E A SÚA EXECUCIÓN

A finais do 2008 xa estaba todo preparado para o inminente concurso de traslados do persoal laboral, incluíndo a consolidación. A previsión coa que se traballaba nas distintas mesas era a súa convocatoria nalgún dos últimos consellos da Xunta.

Poren, a consellaría da Presidencia non quixo saber absolutamente nada do persoal laboral ate rematadas as elecións ao Parlamento de Galiza de marzo do 2009. Unha vez que o bipartito envorcallou, o novo goberno segue a non querer discutir a execución do V Convenio Colectivo.

Así as cousas, os dez mil traballadores e traballadoras suxeitos ao convenio estamos nunha situación de precariedade que podemos concretar nos seguintes aspectos.

Toma de pose provisoria da oferta de emprego do ano 2005

Como queira que non foi resolto, nin tan sequera convocado o necesario concurso de traslados previo á toma de pose definitiva do persoal de novo ingreso, houbo que mudar o IV convenio colectivo para, dalgún xeito, paliar o dano de seguir adiando unha toma de pose que, polo que vemos, vai para o 2010.

Agora ben, cales eran as alternativas: a) que se mudase o IV convenio e agardar á resolución do concurso de traslados e, xa que logo, non percibir retribución algunha ou, b) soportar unha máis que posíbel deslocalización temporal que nun primeiro momento todos e todas agardabamos como non máis aló de 6 meses e que a realidade foi de dous anos. Ámbalas dúas son situacións difíceis de soportar.

Concurso de traslados

O convenio colectivo, asumindo o acordo para a ordenación e a mellora do emprego público, ordena a convocatoria do concurso de traslados no ano 2008 no que deberían ofertarse a totalidade das prazas vacantes, incluídas as de nova creación como consecuencia dos procesos de consolidación. Este incumprimento da Administración ven a afondar, índa mais, a situación do persoal laboral fixo (último concurso convocado no ano 2005) e, por extensión, ao persoal de novo ingreso que non pode efectivizar a toma de pose definitiva.

Comisións de traballo

A comisión técnica para a harmonización das carteleiras dos distintos centros de traballo botou a andar pero ficou cando fallaba moi pouco para chegarmos a acordos. En canto ás comisións de funcións e de estudo da xubilación anticipada e parcial, sequera comezou a andaina.

O pasado 7 de xullo a CIG presentou unhas 300 sinaturas de laborais perante o Valedor do Pobo, denunciando á Xunta polo incumprimento do ordenado polo acordo de mellora de emprego público o do V convenio.

Agora mesmo a parálise na execución do V convenio veuse agravada pola sentencia do Tribunal Superior de Galiza, interposta por CCOO e a que se sumou a CSIF, que veu en anular unha serie de artigos fundamentais do convenio:

☂ Art. 3º.2.f: "*aprobar ou denegar, se é requirido polo órgano competente das consellarías ou polo Comité Intercentros, as solicitudes sobre reclasificación profesional que impliquen cambio de todo o colectivo dun oficio dunha categoría dun grupo a outro,[...]*".

☂ Art..7º.2.a)1: "*a provisión de postos de traballo mediante o sistema de concurso realizarase logo de convocatoria pública para o efecto en que, entre outros extremos, se fará constar: as vacantes que se ofertan e requisitos para o seu desempeño, unha única fase de resultas, baremo de méritos aplicable a cada convocatoria que se negociará previamente na comisión paritaria [...]*"

☂ Art.7º.2.a) 8. "*No seo da comisión paritaria e unha vez resolto o concurso previsto para o ano 2008 coa finalidade de facer efectivos os concursos anuais do persoal laboral, implantarase un concurso de traslados permanentemente aberto que terá como mínimo unha periodicidade semestral [...]*".

☂ Art.8º.3: "*O órgano competente para convocar as probas de acceso será a consellaría competente en materia de fución pública; as bases das convocatorias negociaranse dentro da comisión paritaria*".

☂ Art.11.1, parágrafo segundo: "*A Xunta de Galicia acordará coas organizacións sindicais asinantes deste convenio, dentro do respecto á legalidade vixente, as formas de colaboración que no marco do convenio colectivo fixen a actuación das organizacións sindicais no desenvolvemento dos procesos selectivos*".

☂ Art.21º: "*Negociarase dentro da comisión paritaria a extensión ao persoal laboral das licencia e permisos que en normativas posteriores a este convenio se puidesen establecer para o persoal funcionario*".

Resumindo, o persoal laboral estamos abocados a padecer non só as desidias da nosa Administración senón tamén o protagonismo dalgunhas organizacións sindicais as que participando en tódalas mesas negociadoras do V convenio, non lles é abondo, e provocan a anulación dos artigos que regulaban o concurso de traslados, da promoción, das reclasificacións,

A ESCOLA INFANTIL PONTEVEDRA E O ELECTORALISMO DE CCOO

adaptación dunha nota informativa conxunta de CIG, UGT, CSIF e CGT.

A CIG quere poñer en coñecemento do persoal da Xunta en Pontevedra o seu malestar polas actitudes que dende fai un tempo está a ter o sindicato CCOO, ao que responsabilizamos da ruptura da unión sindical que está a atrancar o funcionamento da Xunta de Persoal, órgano de representación do persoal funcionario.

CCOO leva moito tempo rachando acordos unánimes e tomando decisións que so podemos entender como unha manobra de obtención de réditos eleitorais. O exemplo máis evidente o temos ante as demandas pola escola infantil do edificio de Pontevedra.

Cando no seu día o goberno comezou a deseñar o edificio, tivémonos que mobilizar ante a intención dos responsábeis políticos da administración de que a escola infantil de Pontevedra fose cedida para a súa explotación por unha empresa privada. Nese tempo, todos os sindicatos, unanimemente, tomamos diversas accións, como foron: varias concentracións e peches en Presidencia. O resultado das accións conxuntas foi o compromiso de que a escola sería integrada na rede propia da Xunta.

Xa no novo edificio, os sindicatos presentes na Xunta de Persoal, incluída CCOO (con 2 de 23 representantes) decidimos coordinar as accións dispersas de cada organización para que os obxectivos comúns se puidesen conseguir. Houbo varias xuntanzas entre a Xunta de Persoal e responsábeis do edificio para discutirmos a escola e outros problemas, como foron a oficina de correos, os desprazamentos do persoal, o estado das instalacións, .. A primeira destas xuntanzas foi en novembro do 2009, e a Xunta de Persoal decidiu publicar unha nota informativa conxunta. Mais de inmediato nos atopamos con unha nota informativa de CCOO, obviando o acordo conxunto, co único e bastardo interese de facérense ver ante o persoal, ao que engadimos a cara dura de utilizaren no seu texto partes íntegras do borrador elaborado por outros membros da Xunta de Persoal para esa nota informativa conxunta. Este incidente repetiuse polo mes de febreiro, cando houbo unha segunda xuntanza.

O límite da nosa paciencia chegou o mércores 5 de maio, día en que tiñamos convocada unha xuntanza da Xunta de Persoal para artellar mobilizacións en Pontevedra. Ese día tivemos coñecemento dunha convocatoria de concentración unilateral de CCOO.

O venres 7 de maio, os sindicatos CIG, UGT, CSIF e CGT convocamos ás persoas interesadas a asistir a unha asembleia no edificio de Pontevedra para falarmos da situación da escola infantil, decidir medidas a adoptar, e outras cuestións do edificio de Pontevedra.